

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE ABRIL DO 2013.

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e dez minutos do día vinte e dous de abril do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 8 E 15 DE ABRIL DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 8 e 15 de abril do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 16 DE ABRIL DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.332.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.281.- A Evangelina Casal Rodal, con enderezo en Ramal Paraíso, nº 27-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente o proxecto visado con data 22 de marzo do 2013, resultando as seguintes superficies construídas:

- Reforma 18,90 m2., de planta baixa e 20,20 m2., de primeiro andar.
- Ampliación 20,90 de segundo andar e 7,05 de aproveitamento baixo cuberta.

EXPEDIENTE Nº 24.547.- A María José Caneda Fernández, con enderezo en Rúa Noria, nº 6-3ºG-Cangas, para en Fonte do Galo, nº 10-Cangas, en solo urbano regulado polo PEPRI, executar obras de reforma e mantemento en 138,70 m2., de reparacións interiores, 77,00 m2., de cambio de tella e 5,00 m2., de balcón, de conformidade co proxecto visado o 28 de febreiro do 2013 e a que presente oficios de dirección e execución de obras.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocós das fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

2.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.453.- O tramitado a instancia de Silverio Rodal Soliño, con enderezo en Ramal Paraíso, nº 17-Darbo, para construción en principio de cobertizo e cerramentos e logo solo cerramentos, denégase ata en tanto non se efectúe a cesión efectiva obrigatoria, que figura na acta de comparecencia de data 7 de xullo do 2009.

2.A.3) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.453.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR ROGELIO IGLEISAS LODEIRO.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 11 de abril do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Rogelio Iglesias Lodeiro, con enderezo en Rozabales, nº 29-Aldán, para vivenda sita en Vilariño-O Hío, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 20.057.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 23.919.- A MARÍTIMO RODEIRA, S.L., con enderezo en Reboredo, nº 32-Coiro, para en Ourelo-Darbo, construír un cerramento de 128,27 metros, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

EXPEDIENTE Nº 24.393.- A Juan Alcántara Villar, con enderezo en Fuenteoscura-Candeán, nº 22-Vigo, para en Baixada a Francón-Aldán, construír un cerramento de 33,63 metros, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.333.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en San Cibrán-Aldán, executar unha canalización subterránea de 23,00 metros, de conformidade co proxecto SGD 248311090054, do 30 de xullo do 2012 e coas seguintes condicións:

- Non se permiten reposicións parciais.
- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de DOUS MIL CATROCENTOS OITENTA E SEIS CON VINTE E DOUS (2.486,22) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

EXPEDIENTE Nº 24.482.- A Juan Rafael Pérez Abilleira, con enderezo en Alcouce, nº 34-Figueirido-Vilaboa, para en Rabáns-Vilanova-O Hío, adaptar o muro existente para a súa legalización, de 206,45 metros de lonxitude por 0,70 de alto e 23, 94 metros de muro de contención, por 0,70 de alto, de conformidade co proxecto de xaneiro do 2013 e informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 3 de abril do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.511.- A Emilia Méndez Lago, con enderezo en Estrada a Aldán, nº 67-A-Darbo, para no referido lugar construír un tramo de cerramento de 4,75 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.531.- A María Jesús Molanes Otero e Juan Carlos Ríos Otero, con enderezo en Donón, nº 12-O Hío, para no referido lugar, cambiar o material de cubrición, nunha superficie de 82,50 m², de conformidade coa documentación presentada.

A licenza concedida non autoriza a realización de obras que afecten á estrutura da edificación nin incrementa o volume da vivenda existente, única e exclusivamente cambio de material de cubrición.

EXPEDIENTE Nº 24.522.- A Maria Belén Dobarro Ríos, con enderezo en Boticaia, nº 9-Coiro, para no referido lugar construír unha piscina de 45,60 m2., de conformidade co proxecto visado o 27 de febreiro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.569.- A Manuel Giráldez Castro, con enderezo en Paseo Marítimo, nº 7-Cangas, para no referido lugar, reparar as escalas interiores de conformidade coa documentación presentada.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.641.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR "CHEMALI MORRAZO, S.L.L."

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a autoescola en Rúa Fomento, nº 5-Local 4-Cangas, peticiónada por "CHEMALI MORRAZO, S.L.L.", con enderezo en Rúa Xosé Vázquez Pintor, nº 7-Coiro.

Antes da apertura ó público do local deberá solicitar a oportuna visita de comprobación polo técnico municipal.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 7/2011

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro do 2012, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de TELEFONICA DE ESPAÑA, SAU, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Seixo-Darbo, obras consistentes en instalación dun poste de formigón, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado José Martínez Ferreiro, en representación de Telefónica España, SAU con data 3 de xaneiro do 2013, presenta escrito de alegacións indicando que:

O Concello con data 30 de xullo do 2012 concede licenza para legalizar as referidas obras.

Por haber legalizado as obras antes da resolución do expediente sancionador, corresponderá unha redución da contía nun 80%.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.

CUARTO.- Que TELEFONICA DE ESPAÑA, SAU, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a impoñer na súa contía 60 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Estima-las alegacións presentadas e reducir a contía da sanción nun 80%.

Impoñer a TELEFONICA DE ESPAÑA, SAU, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 60 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Seixo-Darbo, consistentes en realiza-la instalación dun poste de formigón.

O que se lie notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examínalo e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no

artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ó órgano competente para resolver o procedemento, xunto aos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

Cangas, 27 de marzo de 2013

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 20/2011. PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro do 2012, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Estebán Riobó Sanluis, e segundo consta no expediente restauración da legalidade urbanística tramitado ó efecto, efectuáronse no lugar de A Pedreira-Coiro, obras consistentes en realizar dous cerramentos de 21 m de lonxitude, 1,90 m de alto con 11 postes de formigón prefabricados, malla metálica plastificada, cada un separados entre si por 1,10 m. sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe emitido polo arquitecto municipal 4 de xaneiro de 2012

SEGUNDO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2012 incoouse procedemento sancionador polas obras efectuadas e dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 30 de xaneiro do 2013, Esteban Riobó Sanluis, presenta escrito de alegacións.

FUNDAMENTOS:

1º.- Resulta probado segundo os informes de inspección que as obras se iniciaron sen licenza, visto o artigo 208 da LOUGA. 'Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados'.

2º.- Resultando que no artigo 216 da LOUGA sinala que: 'Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ós responsables, así como a obrigaón de resarcimento dos danos e indemnizacións das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas previstas na sección anterior'.

3º.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo

clasificarse como grave segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada

4o. Visto que con data 6 de novembro do 2012, o técnico municipal informa que as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como graves.

5o .-Comprobado que data 18 de febreiro do 2013 foi concedida licenza nº 23374 a Estaban Riobó Sanluis, para construír un cerco de 21 m , sen que dito cerco sexa das mesmas condicións técnicas - constructivas do cerco obxecto do expediente de restauración da legalidade urbanística

6o Polo exposto, procede desestimar as alegacións presentadas en aplicación do disposto no artigo 216 da LOUGA, ó terse executado obras sen licenza continuándose coa tramitación do expediente sancionador, xa que as mesmas non desvirtúan os feitos probados .g-

7o- Visto Que Esteban Riobó Sanluis, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño do 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Impoñer a Esteban Riobó Sanluis, na súa calidade de promotor unha sanción de 1200 euros, (contía reducida nun 80% por legalizar as obras coa licenza nº 23374 e a demolición efectuada) ó ter cometido obras no lugar de A Pedreira-Coiro, consistentes en realizar un cerco de 21 m de lonxitude sen licenza.

0 que se lie notifica, significando lie que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes,e, a tales efectos, poderán examinar o expediente e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó órgano competente para resolver o procedemento, xunto aos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda

1 acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 18 de marzo do 2013.

D. Esteban Riobó Sanluis Reboredo, 10 -Coiro-B

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 14/2010

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro do 2012, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Félix Segundo, Ma Fe e Fabio Rodríguez Lemos, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Reboredo (UA 10), obras consistentes en realizar un muro de bloques de formigón como reforzó do muro existente sobre o que existe orde de execución para a súa demolición en aproximadamente 3 metros de lonxitude e 2,50 de alto, sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, os interesados non presentan escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Félix Segundo, Ma Fe e Fabio Rodríguez Lemos, na súa calidade de promotores son responsables directos da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar-la sanción a impoñer na súa contía 1200 euros. Indicar os interesados que por efectuar por si mesmos a demolición das obras antes da resolución do presente expediente reduciúselle a contía da sanción nun 80%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propofio á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Imponer a Félix Segundo, Ma Fe e Fabio Rodríguez Lemos, na súa calidade de promotores unha multa sancionadora de 1200.- euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Reboredo (UA 10), obras consistentes en realizar un muro de bloques de formigón como reforzó do muro existente sobre o que existe orde de execución para a súa demolición en aproximadamente 3 metros de lonxitude e 2,50 de alto.

O que se lie notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examínelo e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ó órgano competente para resolver o procedemento, xunto aos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 25 de marzo de 2013

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 16/2011

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro do 2012, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Unión FENOSA, SA, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de cmño. Do Inxerto-San Pedro, obras consistentes en instalación de postes de formigón para tendió aéreo a menos de catro metros do eixo da camiño sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A con data 11 de febreiro de 2013, rexistro de entrada 1.625 formula alegacións ó expediente sancionador ó efecto sinalando que:

- Que as obras obxecto do expediente de restauración da legalidade transmitido completan a outras para as que a empresa obtivo licencia en data 12 de xaneiro de 2007.
- Que resulta imposible dar cumprimento ó retranqueo solicitado debido ó desnivel existente no terreo e que comprometen a retranquéalos no caso de que se amplié o vial colindeiro.

O inspector municipal informa en data 11 de abril de 2013 que a licencia municipal concedida a Unión Fenosa co número 21.039 foi para a instalación dun transformador en A Rocha e unha liña ata a subida a Monte Carrasco conforme figura no proxecto presentado o 20 de decembro de 2006. Que a citada empresa presentou o 4 de agosto do 2009 documentación complementaria e en data 30 de setembro do 2009 un anexo, nesa documentación se contemplan os postes instalados obxecto do expediente de restauración da legalidade pero dita documentación foi informada desfavorablemente polo arquitecto municipal e non obtivo licencia, polo que as obras executadas non contan coa preceptiva licencia municipal

Non consta que polos responsables da infracción se teña procedido a corrixir a situación creada pola comisión da infracción, restituindo as cousas ao seu estado anterior, polo que non resulta de aplicación ningunha circunstancia atenuante á hora de impoñer a sanción proposta

FUNDAMENTOS

Io. Como sinala o artigo 219 "ñas obras que se executasen sen licencia ou con inobservancias das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanísticas as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras "

219. 4 ". As sancións que se lie impoñan ós distintos suxeitos por unha mesma infracción terán entre si carácter independente "

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Unión FENOSA, SA, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Impoñer a Unión FENOSA, SA, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 6001.-euros (SEIS MIL UN EUROS, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Cmño. Inxerto-San Pedro, consistentes en realiza-la instalación de postes de formigón para téndido aereo a menos de 4 metros do eixo do camiño en solo SNUN-SNUA.

O que se lie notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examíñalo e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto eos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 12 de abril de 2013

O INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE

Asdo.: Rafael Soliño Costas

4º.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO S/MODELO DE ACORDO PARA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CANGAS PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA OFICINA DE REHABILITACIÓN.

Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas, ó que se achega modelo de convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, para o financiamento dos gastos de mantemento da Oficina de Rehabilitación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, para o financiamento dos gastos de mantemento da Oficina de Rehabilitación.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do referido convenio de colaboración.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e ó Departamento de Urbanismo.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Vista a proposta de resolución do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 19.4.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante é tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a D/Dna: D. C. B. ,co nº de expediente: 36008/02/001994 o Servizo de Axuda a Domicilio, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF, e de acordo ós seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

**Atencións de carácter psico-social ou educativo*

- Custo do servizo: 677,60 €.

- Achega económica da persoa usuaria: (10%)..... 67,76 €.

- *Número de horas: 55.*

- *Data prevista de alta no SAF: abril 2013."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- VARIACIÓNS NA CONCESIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE-2013.

Examinada a proposta de data 18.4.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, para a prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I. -O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2012, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo a tal efecto.

II. - O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispon que se concederán "previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos"

III. - Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir eos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV. - Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non

presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, así como daqueles que presentando a citada solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa e tras ser requiridos non acreditaron satisfactoriamente a subsanación no prazo outorgado a tal efecto.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2013 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concelio de Cangas (BOP 25/10/2011) a:

- María Sumaya Khala Gil
- Ramona Martínez Nores
- Enrique Duval Salazar
- María Esther Pazos Buezas
- Paula Marcos Gil
- María José Carlín Loureiro
- María Aurora Francisco Blanco
- Raquel Calvar López
- María del Carmen Pérez Pazó
- Francisco Luis Pousada Pastoriza
- Faustino Jiménez Borja
- Daniel Torres Cardoso
- María Lourdes Gutierrez García
- Pascual Jiménez Pérez
- Floreano Seoane Pateiro
- Francisco Javier González Alvarez
- José Luis Jiménez Escudero
- Carlos Ferro Trasande
- José Manuel Dopazo Grafía
- José Antonio Barreiro Lorenzo
- Ana María Filgueira Torres
- Julio Jiménez Borja
- Elena Rodríguez González
- Inés Pastoriza Carballo
- Mercedes García Núfiez
- Francisco Núñez Guzmán
- María Aldorá Amador
- Mimos C.B.
- Lourdes García Loureiro
- María del Carmen Barbeito Gómez
- Olga Cid Campos
- María Isabel Figueiras Calviño
- Antonio Parada Alonso
- Maquinaria Agrícola Carpintero, S.L

- Javier Duval Gómez
- Iglesias Miguez S.L
- María del Pilar Duran Miranda
- María Purificación Sanmartín Torres
- María Yolanda Nores López
- María Elisa Giráldez Pena
- Nuria Martínez Rodríguez
- María Fabiola Vasquez Maldonado
- Manuela Pereira González
- Diego Salazar Jiménez
- Ramón Jiménez Salazar
- Verónica Barallobre González
- Laura González Galiñanes
- Isma Ngom
- Carmen Cores Peiteado
- Purificación Jiménez Salazar
- José Angel Jiménez Borja
- María Celia Fernández Requejo
- Manuel Sabarís Fontán
- Ana Tojo García
- Jesús Francisco Romero Alvite
- Manuela Acosta Floria
- Angela Salazar Jiménez
- María Carmen Alfonso Fontán
- Ezzaari Haddadi Dris
- José Santos Chapela
- Sammuel Jiménez Borja
- Panadería Confitería Laura S.L
- Past River, S.L
- Milagros Cortés González
- Copisteria Foto Núñez S.L
- María da Silva Miranda
- Rosa María Calvar Martínez
- Juan León Salazar
- Sonia González Rodríguez
- Jesús Miguel Elices
- Antonio Pérez Abreu
- Carmen Ramos Vázquez
- María Concepción Jiménez Jiménez
- Isabel Vilas Iglesias (cambio tit. José Antonio Chapela González)
- Olga Escaneo González
- Carlos Rafael Vilas
- Ilimane Ndoeye Mbaye
- Fátima Jaadi
- Oscar Pérez Pintos
- Faye Diangne Assane
- Susana Pérez Santos
- Telmo Vilanova Gómez

- Marcelo Doval Lins
- Ndaye Astou Diop
- Pilar González Costa
- María Esther Camacho Gabarre
- Hermelinda Camifla Otero
- María Carmen Bastón Pérez
- Moustapha Fall Ndiaye
- María Teresa Santos Novas
- María Esther Cabeiro Dopico
- Amelia Gómez Puime
- Ana María Iglesias González
- Sol de America Peña Rodríguez
- Guillermo Iglesias Rodal
- José Miguel Mosteiro Quintans
- Rosa Pena Sotelo
- Patricia María Veiga Alonso
- María Carmen Iglesias Blanco
- Ramiro Torrón Ferreiro
- María Mercedes Mallo Lagoa
- Josefa Durán Miranda

- José Antonio Pastoriza Miranda
- Celestino Campos Montero
- Juan Luis Pastoriza Rodríguez
- María Fátima Vidal Miranda
- Dolores Gómez Silvet
- Ana Gil Marcos
- Javier Freire Pastoriza
- Encarnación Alvarez Gayo
- María Pilar Pórtela Suárez
- Paulo Fernández Amaya
- Eva Pereira Iglesias
- Gerardo Gómez Alvarez
- Luis Gómez Silvet
- Santiago Florez Jiménez
- Manuel Dubal Salazar
- Jorge Borja Rosillo
- Eugenio Lozano Borja
- Luis León Salaza
- Enrique Dubal Salazar
- Felipe Salazar Salazar
- Josefa Freire Martínez (Cambio titu. Carmelo Tienda de Modas)
- María Carmen Freire Martínez (Cambio titu. Carmelo Tienda de Modas)
- Fym Sociedad Cooperativa
- Angélica Jiménez Jiménez (Cambio titu. Juan Jiménez Jiménez)
- Panadería Salgueiro CB
- Plantas A Lagoa (Cambio titu. José Benito Fernandez Mougán)

Segundo.- Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que a seguir se relacionan por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

- Agrocar S.C Redondela
- Carballeda Neira José Manuel
- Durán Miranda Pilar
- García Maneiro Manuel
- León Escudero María Soraya
- López Vives Julio
- Mosteiro Quintáns M. Dolores
- Parada Alonso María Mercedes
- Torrón Ferreiro Ramiro (posto 165)
- Jiménez Jiménez Alba
- Jiménez Mendoza Rubén
- Camacho Monteiro Maia María
- Giménez Giménez Sinai
- Jiménez Giménez Samuel
- Jiménez Giménez Debora
- González Fernández Purificación
- Iglesias Barreiro Isidoro
- Blanco Cancelas Elena
- Jiménez Romero Manuel Andrés

Terceiro.- Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que a seguir se relacionan por presentar a súa solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa sen subsanar estas satisfactoriamente no prazo outorgado a tal efecto.

- Arlindo Manuel Pereiras Méndez
- José Angel Rodríguez Rodríguez
- Pedro Jiménez Borja
- Manuel Rivera Díaz
- María Carmen Viéitez Sotelo
- Jéssica Jiménez Duval
- Ricardo Sotelo Germade
- Moussa Ndiaye
- Nicolás Escudero Jiménez
- Amalia Gómez González
- Patricia Torres Lagos
- María de los Angeles Rodríguez Iglesias
- Serafín Pazos Rodríguez
- Lourdes Carlvar Santos
- Rosa Pena Sotelo
- María Rosa Pazos Miranda
- María Araceli González Paredes
- Eusebio Dubal Gómez

Cuarto.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que unha vez firme o presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no Mercado por carencia de autorización resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas a tal efecto na normativa, todo elo sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto aos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Cangas, 18 de abril de 2013

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo
Asdo.: Berta Pérez Hernández

7º.- SOLICITUDE DE DIEGO PAZÓ GRAÑA S/TRANSMISIÓN DE POSTO DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

_____ Vista a solicitude presentada en data 15.4.13 por DIEGO PAZÓ GRAÑA, DNI nº 78.736.952-V, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 11-2º C (edificio María Soliño)-Cangas, na que demanda que se teña por cumprido o trámite de comunicación da efectividade da transmisión do posto de peixe nº 15 da Praza de Abastos Municipal, que foi reclamado por Xunta de Goberno Local en sesión de data 11 de marzo do 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar, con carácter definitivo, a transmisión da condición de concesionario do posto nº 15 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular Carmen Graña Acuña a favor de Diego Pazó Graña.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados, ós conserxes do mercado e ó Departamento de Tesourería."

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS DO CONCELLO DE CANGAS-2013.

Vista a proposta da Alcaldía de data 22.4.13, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados do Concello de Cangas para o ano 2013, que é como segue:

"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS DO CONCELLO DE CANGAS. ANO 2013.

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Aberto o prazo, desde o 25 de febreiro ata o 31 de marzo, para que todos/as aqueles/as veciños/as interesados/as na instalación de quioscos de verán en terreos privados, presentaran o seu pedimento no Rexistro de entrada do concello, de acordo coa documentación esixida no bando dictado pola Alcaldía, e presentadas as seguintes solicitudes:

Nome e apelidos	DNI	Situación
José A. Gago Nogueira	78.736.243-K	Donón, nº 26-O Hío
Mª Trinidad Figueroa Gago	78.739.103-Y	Donón, nº 58-O Hío
Carla Martínez Santomé	53.117.025-C	Camiño de Viñó, nº 45-Nerga.

O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro no taboleiro de anuncios do concello, indicando que o prazo da instalación será do 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos.

Con base no cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportada polos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación das autorizacións para a instalación de quioscos de verán en terreo privado ós solicitantes presentados, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía, e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados do Concello de Cangas para o ano 2013.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.